

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE**DECRETO DA ALCALDÍA:**NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE*

Tras das eleccións municipais do pasado 28 de maio do 2023 e constituída a nova Corporación o pasado 17 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da organización municipal no que se refire á designación de tenencias da Alcaldía.

O art. 125 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, na redacción dada á mesma pola Lei 57/2003 do 16 de Decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, establece que o Alcalde poderá nomear de, entre os Concelleiros/as que formen parte de a Xunta de Goberno Local, aos Tenentes de Alcalde, que lle substituirán, pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade

Visto o Decreto de data 19 de xuño de 2023 polo que se establece a composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e de conformidade co disposto no artigo 125.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica contidas nos artigos 62 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e artigo 22 do Real decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime Local, esta Alcaldía, RESOLVE

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Vigo aos concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE.- D^a. María del Carmen Silva Rego

SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE .- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE.- D^a Elena Espinosa Mangana

CUARTA TENENTE DE ALCALDE.- D^a María José Caride Estévez

SEGUNDO.-. Os Tenentes de Alcalde substituirán, pola orde do seu nomeamento a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento. Non obstante as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polos Tenentes de Alcalde sen expresa delegación realizada cos requisitos previstos no artigo 44.1 e 2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, sen prexuízo das delegacións que tivesen recaído neles na aplicación da Resolución de estrutura das áreas executivas do Goberno.



Martes, 27 de xuño de 2023

Núm. 123

TERCEIRO.- En todo caso, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación, será en todo caso substituída polos/as Tenentes de Alcalde seguindo a orde do seu nomeamento, debendo dar conta desa circunstancia ao resto da Corporación.

CUARTO.- Notificar esta resolución ás/aos Ilmas/os señoras e señores Tenentes de Alcalde, facendo constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcaldesa ou Alcalde accidental, non podendo, no citado exercicio, modificar as delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.

QUINTO.- As/os Tenentes de Alcalde estarán suxeitos na súa actuación ás causas de abstención e recusación fixadas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, causas de incompatibilidade fixadas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións públicas, Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e demais normativa sectorial nesta materia, debendo respectar, sinaladamente, o disposto en materia de conflito de intereses na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que realice, conforme co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986.

SÉTIMO.- A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, debendo ser publicada na sede electrónica municipal en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

OITAVO.- Notificar a presente resolución ás Xefaturas das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, dando publicidade na intranet municipal.

En Vigo na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente

SGF

O ALCALDE-ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL-SUSANA GALLARDO FARIÑA

